


Os Celga na encrucillada

SERMOS GALIZA



Comecemos polo principio e o substantivo. O sistema Celga é necesario –a pouco, claro está, que nos tomemos minimamente en serio a lingua–. Foi, ademais, meritorio na súa implantación e na definición técnica das probas, así como na elaboración de instrumentos apropiados para levar a cabo unha avaliación rigorosa e socialmente crible. Pero como calquera avaliación con impacto social, para ser sustentable, require planificación política, estabilidade institucional e recursos económicos e humanos adecuados.

Os Celga supuxeron un importante avance no sistema de avaliación da lingua, a través da homologación con outros sistemas de certificación, adoptando a avaliación de dominio como modelo de partida. Avaliar o dominio significa, segundo a teorización ao respecto, valorar e ponderar “o que alguén sabe ou é capaz de facer en canto á aplicación no mundo real do que aprendeu, representa, polo tanto, unha perspectiva externa”. En relación “á capacidade de facer, aplicada ao mundo real”, a concepción do modelo de proba ideado partiu da base de que o candidato, conforme o nivel a cuxa certificación optaba, debía mostrar competencias lingüísticas para resolver aquelas tarefas que tiñan unha equivalencia nas situacións comunicativas que podería encontrar no mundo real, gradualmente complexas segundo ascendía o nivel. escribir un carta, manifestar opinión sobre unha noticia do telexornal, argumentar oralmente sobre un tema...

Pasouse dun modelo centrado principalmente na comprensión das estruturas lingüísticas, e cunha referencialidade difusa (iniciación e perfeccionamento), a un modelo competencial, que se articulaba en torno á capacidade dos usuarios para desenvolver tarefas, orais

e escritas, identificables socialmente. Esta capacidade estaba referenciada, ademais, a escalas e descritores recoñecibles, nos niveis do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas* e desenvolvidos para o galego nos *Niveis de competencia en lingua galega*.

MODELO EUROPEO

Respecto á “perspectiva externa”, inherente ás probas de dominio, adoptáronse procedementos que obrigaban a abstraerse dos procesos de aprendizaxe ou uso

“Os Celga son un instrumento que debe ter un necesario impacto na percepción da lingua”

do candidato, para centrarse exclusivamente no dominio lingüístico –enténdase comunicativo– que conseguía demostrar. Isto supuxo, naturalmente, un cambio substancial sobre o anterior modelo de certificación, que era acreditado na súa gran maioría polos profesores dos cursos de formación, a partir dunha perspectiva interna e procesual do desempeño dos alumnos. Reorientar a avaliación cara a valoración da capacidade do candidato durante a proba por avaliadores externos, en boa lóxica, implicaba apoiarse en criterios homoxé-

neos que impedisen falsear os resultados, a partir de percepcións subxectivas e dispares.

En consecuencia, para garantir isto, era preciso que a estrutura dos Celga se apoiase nun organigrama e nun equipo de profesionais especializados. Por tal razón, a Orde do 16 de xullo de 2007 definía a organización das probas, cuxa responsabilidade recaía na Comisión Central de Avaliación (CCA), coadxuvada por comisións sectoriais de avaliación que operaban en cada un dos diferentes centros de avaliación. É verdade que algunhas competencias da CCA foron asumidas por un grupo de traballo, procedente do proxecto “Avaliación e aprendizaxe do galego”, do Centro de Investigación Ramón Piñeiro. Este grupo tivo, de feito, un transcendente papel na implantación dos sistema ao encargarse da definición do modelo de proba, da elaboración dos exames e do protocolo de actuación e instrumentos de corrección das probas. Completábase o equipo de avaliación cun grupo estable de avaliadores, que tiñan por función administrar e cualificar a proba.

FERRAMENTA DE NORMALIZACIÓN

Para alcanzar o propósito de uniformidade no que se alicerza a verificación de dominio comunicativo, constituíuse unha estrutura avaliativa, integrada polas diferentes comisións e o grupo de avaliadores. Adoptáronse mecanismos para reforzar a fiabilidade da avaliación, a través da adopción de criterios uniformes e mecanismos que minimizasen a subxectividade da proba: a presenza de dous avaliadores na proba de expresión oral, a dobre cualificación da expresión escrita e aínda unha terceira, en caso de reclamacións. Tamén se estableceu un plan de formación para os avaliadores, a través de xornadas específicas ou da observacións das probas por membros da CCA. Isto deu como progresivo resultado unha importante harmonía na administración dos exames e uniformidade nas cualificacións. Foron, sen lugar a dúbidas, factores que contribuíron a unha percepción positiva dos Celga, en tanto que sistema de avaliación innovador e fiable. Mesmo internamente, onde non foron poucas as resistencias iniciais que suscitou.

De modo que, debido aos esforzos que posibilitaron a rápida e correcta implantación do sistema Celga, considero que non debemos deixar caer o que tanto custou construír. Para iso, xulgo necesario retomar o impulso colectivo, recuperar a convicción das institucións nos Celga e a certeza de que se trata dun instrumento importante na estandarización dunha lingua; así como consolidar o grupo de traballo (ou a CCA) de elaboración das probas, coa conseqüente inxestión de dinamismo e innovación que caracterizou o modelo na súa implantación. E, sen lugar a dúbidas, reconducir a situación do colectivo de avaliadores, por tratarse de profesionais especializados no sistema de avaliación, cuxa contribución foi fundamental para que a idea inicial se materializase nunha boa práctica avaliativa.

Teño a certeza, a partir da experiencia dos anos en que formei parte da CCA e do grupo de traballo que elaborou as probas, de que paga a pena investir esforzos e enerxías nos Celga. Non só porque estamos ante unha proba que, debidamente planificada e administrada, permite avaliar e certificar a competencia real en galego, senón tamén porque se trata dun instrumento que debe ter un necesario impacto na percepción da lingua, como factor relevante e posible de uso social, de estandarización de modelos e de normalización lingüística.

Por Xaquín Núñez Sabarís.
Profesor na Universidade do Minho